





GUÍA DE LECTURA-FÍSICA E QUÍMICA


Respostas a preguntas curiosas

Título:	Tortilla quemada 23 raciones de química cotidiana	
Autor:	Claudi Mans	
Editorial:	Rubes	
Recomendado para:	3º-4ºESO	
Sinopse	23 Explicacións a fenómenos cotiás: como é mellor cociñar unha tortilla, como facer un flan, que pasa ao cociñar un ovo no Everest...	
Comentario	É un libro de <u>310 páxinas</u> que recolle 23 situacións que poder resultar curiosas e interesantes. Danse na vida real pero dan pé ao autor a explicar os fundamentos físicos ou químicos que os caracterizan. Está escrito de forma amena e seguro que atopas algún capítulo que che resulta atractivo.	

Título:	Cuestiones curiosas de química	
Autor:	F. Vinagre, R. Mulero e J.F. Guerra	
Editorial:	Alianza Editorial	
Recomendado para:	3º-4ºESO	
Sinopse	¿Pode unha reacción redox provocar unha multa de tráfico? ¿Que lle pode facer a coca cola á carne? ¿Por qué non se queima nada na lúa?.. e así ducias de preguntas e situacións coas que se repasan diferentes conceptos de termodinámica, cinética química, química orgánica, a auga, o equilibrio químico, a matemática química ou os fenómenos redox.	
Comentario	<u>258 páxinas</u> onde se recollen un montón de situacións susceptibles de ser analizadas desde un punto de vista químico. Son preguntas curiosas e respostas breves e interesantes. É un magnífico libro non só para iniciarse na química se che provoca interese senón para os xa iniciados que queiran aclarar algunhas dúbidas	

Título:	Si Galileo levantara la cabeza	
Autor:	Oscar Giménez	
Editorial:	Ma non troppo	
Recomendado para:	3º-4ºESO	
Sinopse	Colección de experiencias científicas extravagantes e curiosas	
Comentario	É un libro escrito con moito sentido do humor que presenta historias raras de investigacións curiosas na ciencia. Ten unhas 199 páxinas que che farán pasar uns ratos moi divertidos	

Título:	Lo que Einstein le contó a su barbero	
Autor:	Robert L. Wolke	
Editorial:	Ma non troppo	
Recomendado para:	3-4ºESO	
Sinopse	Respostas sinxelas para fenómenos curiosos da natureza	
Comentario	Outro libro máis na liña dos de Javier F. Panadero, que trata de explicar de forma sinxela diversos fenómenos da natureza. Fácil de leer, ten unhas 256 páxinas.	

Título:	Cuestiones curiosas de ciencia	
Autor:	VV. AA.	
Editorial:	Alianza Editorial	
Recomendado para:	3-4ºESO	
Sinopse	¿Por qué son redondos os planetas?, ¿Por qué bocexamos cando estamos cansados?...estas e outras preguntas similares atopan resposta neste libro	
Comentario	Preguntas curiosas, respostas amenas e sinxelas. Fácil de entender. Ten unhas 288 páxinas.	